

Proposición de lei de iniciativa popular de Áreas de Restauración Ecolóxica

Preámbulo

O patrimonio natural é un dos principais activos ecolóxicos, sociais e económicos da Galiza, mais moitos ecosistemas terrestres, fluviais, costeiros e mariños atópanse degradados debido á transformación do territorio, abandono de prácticas tradicionais, incendios, alteracións hidromorfolóxicas e cambio climático. A conservación de espazos ben preservados, aínda que esencial, resulta insuficiente para deter a perda de biodiversidade, polo que a restauración ecolóxica convértese nunha política pública estratéxica orientada á recuperación funcional dos ecosistemas e á súa resiliencia.

Con todo, as experiencias de restauración evidencian que os esforzos poden verse frustrados sen instrumentos xurídicos que protexan os espazos restaurados, evitando a re-degradación e garantindo a eficacia dos investimentos. A Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxica (2024) recoñece que “non é posíbel realizar unha restauración ecolóxica se as presións continúan”, principio que tamén recolle o Regulamento (UE) 2024/1991 mediante o requisito de “non deterioración” das áreas restauradas.

Por iso, é necesario un marco xurídico propio que recoñeza a especificidade dos espazos en restauración, estableza planificación, xestión e seguimento axeitados e garanta seguridade xurídica e económica para os investimentos públicos e privados. As Áreas de Restauración Ecolóxica responden a esa necesidade establecéndose como espazos protexidos destinados á recuperación de ecosistemas degradados con alto potencial de restauración, cun réxime de protección adaptado e vinculado a obxectivos ecolóxicos verificábeis.

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 1. A presente lei ten por obxecto a creación, regulación e desenvolvemento das Áreas de Restauración Ecolóxica, establecendo o seu réxime xurídico, os criterios para a súa declaración, os instrumentos de planificación e xestión, así como as medidas de protección necesarias para garantir a recuperación e non deterioración dos ecosistemas degradados.

Artigo 2. Definición

Para os efectos desta lei, entenderase por Área de Restauración Ecolóxica aquel espazo xeográfico delimitado que, presentando un estado de degradación que comprometa os servizos ecosistémicos que presta, sexa declarado formalmente coa finalidade prioritaria de recuperar a súa estrutura, funcións e procesos ecolóxicos, mediante medidas planificadas e sometidas a un réxime específico de protección e xestión.

As Áreas de Restauración Ecolóxica son unha categoría específica de espazo protexido de ámbito autonómico cuxa finalidade principal é a restauración ecolóxica de ecosistemas degradados, sen prexuízo de que, unha vez acadados os obxectivos de restauración, poidan integrarse noutra categoría de protección, ou manter un réxime de protección compatíbel coa súa nova condición ecolóxica.

Título II. Declaración e planificación

Artigo 3. Iniciativa

A iniciativa para a declaración dunha Área de Restauración Ecolóxica poderá partir:

1. Da Administración autonómica.
2. Das entidades locais.
3. Das persoas físicas ou xurídicas e comunidades de montes veciñais en man común titulares dos terreos.
4. Das entidades que practican custodia do territorio, conxuntamente cos titulares dos terreos, mediante acordos de custodia.
5. Das confrarías de pescadoras e pescadores para as áreas da zona marítima e marítimo-terrestre baixo a súa xestión.

Cando a iniciativa parta de titulares dos terreos ou entidades de custodia, deberá contar coa manifestación expresa de vontade das titulares de someter os devanditos terreos ao réxime previsto nesta lei e coa acreditación da titularidade.

Cando a iniciativa parta dunha entidade local e afecte terreos de propiedade privada requirirá a conformidade expresa das titulares dos terreos.

Artigo 4. Criterios

Poderán ser declaradas Áreas de Restauración Ecolóxica aquelas zonas que cumpran algún dos seguintes criterios:

1. Presentar ecosistemas degradados ou alterados e contar con potencial de recuperación ecolóxica.
2. Contribuír á conectividade ecolóxica, á adaptación ao cambio climático ou á mellora de servizos ecosistémicos.
3. Estar asociadas a compromisos ou procesos de restauración.

Artigo 5. Procedemento

A declaración dunha Área de Restauración Ecolóxica corresponderá á consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, mediante Orde, con independencia da orixe da iniciativa.

O procedemento iniciarase de oficio pola Administración autonómica, ou por solicitude dun concello, das titulares dos terreos, dunha entidade de custodia conxuntamente coas titulares dos terreos ou dunha confraría de pescadoras e pescadores.

A solicitude deberá incluír:

- a. Delimitación cartográfica do ámbito proposto.
- b. Plan de Restauración Ecolóxica.
- c. Compromisos de execución das medidas de restauración para o caso de entidades locais ou promotores privados.

O procedemento incluírá necesariamente a emisión de informe técnico da administración ambiental autonómica e trámite de información pública.

Artigo 6. Plan de Restauración Ecolóxica

Toda Área de Restauración Ecolóxica deberá contar cun Plan de Restauración Ecolóxica, que terá carácter vinculante e será aprobado xunto coa súa declaración.

O plan incluírá, cando menos:

1. Memoria descritiva do estado inicial.
2. Obxectivos e metas de restauración.
3. Medidas e actuacións de restauración.
4. Cronograma e plan de mantemento.
5. Indicadores de seguimento e avaliación.
6. Estimación dos recursos necesarios.
7. Réxime de usos e actividades permitidas, condicionadas ou prohibidas.

Os Plans de Restauración Ecolóxica deben contemplar como etapa inicial a eliminación das perturbacións que provocaron a degradación ambiental e realizaranse de xeito acorde cos criterios para as actuacións de restauración ecolóxica establecidos na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas.

Nos supostos en que a iniciativa parta dos titulares dos terreos, entidades locais ou entidades de custodia do territorio, a elaboración, execución e seguimento do Plan de Restauración Ecolóxica será responsabilidade dos promotores.

Título III. Réxime de protección e incentivos

Artigo 7. Réxime de protección

Nas Áreas de Restauración Ecolóxica quedarán prohibidas aquelas actividades que poidan comprometer os obxectivos de restauración.

Poderán establecerse limitacións temporais ou condicionadas a usos preexistentes, de conformidade co Plan de Restauración Ecolóxica.

Artigo 8. Incentivos

Para a promoción da declaración, execución e mantemento das Áreas de Restauración Ecolóxica establécense os seguintes mecanismos de apoio:

1. Prioridade no acceso a fondos públicos destinados á restauración ecolóxica, conservación da biodiversidade, adaptación ao cambio climático ou mellora dos servizos ecosistémicos.
2. A bonificación no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, cando teñan por obxecto a adquisición de terreos destinados á restauración ecolóxica.
3. A dedución na cota íntegra autonómica das doazóns de persoas físicas ou xurídicas a entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, de Mecenado, cando teñan por obxecto de realizar actuacións de restauración ou conservación nas Áreas de Restauración Ecolóxica.

Disposición final

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial da Galiza*.

Exposición das razóns que aconsellan a tramitación e a aprobación por parte do Parlamento da ILP proposta

O patrimonio natural da Galiza constitúe un dos principais activos ecolóxicos, sociais e económicos da comunidade. Os seus ecosistemas terrestres, fluviais, costeiros e mariños prestan servizos ambientais fundamentais, como regulación hídrica, protección fronte a riscos naturais, mantemento da biodiversidade, captura de carbono e oportunidades para actividades económicas sustentables, como o turismo ou a silvicultura responsable. Non obstante, unha parte significativa destes ecosistemas atópase actualmente degradada como consecuencia de procesos de transformación do territorio, intensificación de usos, abandono de prácticas tradicionais, incendios recorrentes, especies exóticas invasoras, alteracións hidromorfolóxicas e presións derivadas do cambio climático, entre outros factores. Esta situación pon en risco non só a integridade ambiental, senón tamén o benestar das comunidades locais e a resiliencia socioeconómica do País.

A experiencia científica e técnica acumulada nas últimas décadas demostra que a mera conservación de espazos ben preservados, aínda que esencial, non é suficiente para deter a perda de biodiversidade nin para garantir a prestación continua de servizos ecosistémicos. Neste contexto, a restauración ecolóxica emerxe como unha política pública estratéxica e necesaria, orientada á recuperación funcional dos ecosistemas degradados e á mellora da súa resiliencia a longo prazo, garantindo así un futuro sostible e seguro para as galegas e galegos.

Con todo, as experiencias acumuladas tamén evidencian que os esforzos de restauración poden verse frustrados cando non van acompañados dun marco xurídico e administrativo específico. Sen unha protección legal clara, os espazos en proceso de restauración están expostos a re-degradación por actividades incompatíbeis, o que non só supón a perda de investimentos públicos e privados, senón tamén a perda de oportunidades ecolóxicas e a erosión da confianza social nas políticas ambientais. Este risco é especialmente significativo porque, en xeral, o custo de restaurar ecosistemas degradados é moito maior que o de manter aqueles que xa se atopan en bo estado de conservación.

O Regulamento (UE) 2024/1991 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2024, relativo á restauración da natureza e que modifica o Regulamento (UE) 2022/869, entrou en vigor o 18 de agosto de 2024. O seu obxectivo é restaurar polo menos o 20 % das zonas terrestres e mariñas da UE para 2030 e de todos os ecosistemas que o requiran para 2050, co que se establece unha urxencia temporal. O Regulamento esixe tamén que os Estados membros adopten un Plan Nacional de Restauración, en cuxo marco se insire esta proposta de ILP.

A Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e da Restauración Ecolóxica, aprobada en 2024, recoñece expresamente que “non é posíbel realizar unha restauración ecolóxica se as presións continúan” (Liña 2.02). Do mesmo xeito, o Regulamento (UE) 2024/1991 sobre restauración da natureza establece un requisito de “non deterioración”, obrigando os estados membros a evitar o empeoramento das áreas xa restauradas. Estes instrumentos legais e estratéxicos evidencian que Galiza debe dotarse dun marco normativo propio, adaptado á súa realidade territorial e ambiental, que permita implementar a restauración ecolóxica de forma eficaz e sostible.

Neste sentido, a creación das Áreas de Restauración Ecolóxica constitúe unha medida innovadora e necesaria. Estas áreas protexidas teñen como obxectivo principal a recuperación ecolóxica de espazos degradados con elevado potencial de restauración, garantindo un réxime de protección adaptado, flexible e vinculado ao logro de obxectivos ecolóxicos verificábeis. A proposta de lei define estas áreas como instrumentos específicos de política ambiental, complementarios ás figuras tradicionais de protección da

natureza, integrados na planificación territorial e coherentes coas estratexias galega, estatal e europea de restauración ecolóxica.

A lei tamén recoñece o valor da participación social e local na conservación do patrimonio natural. Galiza conta con experiencia positiva en instrumentos de iniciativa social e privada, como os Espazos Privados de Interese Natural, os Espazos Naturais de Interese Local e as iniciativas de custodia do territorio. Estes modelos fomentan a corresponsabilidade, a aceptación social e a adecuación das medidas de protección á realidade territorial. En coherencia con este enfoque, a proposta de lei permite que a iniciativa para declarar Áreas de Restauración Ecolóxica poida partir tamén dos titulares dos terreos, das entidades locais e das confrarías de pescadoras e pescadores, incorporando a custodia do territorio como instrumento voluntario de colaboración entre axentes, reforzando o carácter colaborativo da restauración ecolóxica e facilitando a mobilización voluntaria de solos degradados cara a obxectivos de interese xeral.

A tramitación e aprobación desta proposta de lei polo Parlamento é, polo tanto, esencial por varias razóns:

1. **Ambientais:** Permite recuperar ecosistemas degradados, mellorar a biodiversidade, restaurar servizos ecosistémicos vitais e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.
2. **Xurídicas:** Estabelece un marco legal claro e específico que garante a protección efectiva das áreas en restauración, en consonancia co Regulamento europeo e coa estratexia galega.
3. **Sociais e económicas:** Asegura a participación cidadá e local, promove a corresponsabilidade e protexe e incentiva os investimentos públicos e privados.
4. **Estratéxicas:** Sitúa a Galiza á vangarda da restauración ecolóxica, garantindo coherencia coas políticas europeas e reforzando o papel da comunidade na transición ecolóxica.

En resumo, a aprobación desta lei permitirá que Galiza dispoña dunha ferramenta innovadora e eficaz para afrontar os retos ambientais actuais e futuros, protexer o seu patrimonio natural, reforzar a participación cidadá e garantir a sustentabilidade ambiental, social e económica no longo prazo.